

REVISTA 20/21

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

EDITORIAL EPB

Ola! Son a revista EPB e estou aquí para presentarvos quizais unha das edicións máis especiais, debido a situación actual que vivimos este curso escolar coa pandemia provocada polo COVID-19. Sen embargo, non vou deixar que isto afecte a nosa editorial así que vouvos mostrar moitos artigos para que pasedes un bo anaco. Esperamos que vos gusten moito xa que os fixemos con moito cariño!

Debido a que o día 13 de marzo de 2020 decretouse o estado de alarma, levábamos moito tempo na casa... e nada mais e nada menos que seis meses sen vernos. Que ganas tíñamos de reencontrarnos!

Por iso, dende o claustro de profesorado non se nos ocorreu mellor idea que facer un mural xigante para darvos a benvida.



Cada unha das letras simula unha cor do arco da vella. Ese elemento da natureza que tantas veces debuxamos mentres estabamos confinados nos nosos fogares e que nos aporta esperanza e nos fai pensar que para que algo tan fermoso suceda debe facer sol pero tamén chover un pouquiño.

Neste gran mural, tamén decidimos que as máscaras simularan ser as pingas de auga que caen das nubes. Esas máscaras que, como a choiva en Galicia, ás veces nos desgusta pero por outro lado sabemos que son tan necesarias.

A pesar de que o curso escolar pasado púxonos a proba, conseguimos saír adiante moito mais reforzados. Non obstante, é preciso destacar que a colaboración vosa e das vosas familias foi fundamental. Polo que non podemos deixar de agra-

decir a tódolos membros da comunidade educativa do Emilia Pardo Bazán o esforzo que tiveron que facer para alcanzar os obxectivos.



Este ano tan especial non vai ser doado, non nos vamos a enganar. Chegamos con moitos nervios, dúbidas, medos e novidades; pero tamén

moi emocionados por vernos despois de tanto tempo. Ilusionados por facer desta situación tan complicada un reto a superar e con moita forza para traballar. Non só nas tarefas académicas que facemos no cole, senón tamén para votar a ese invitado que invadiu as nosas vidas xa fai un tempo. Polo que agora, ademais de aprender matemáticas, lingua galega ou música; tamén temos que aprender a limpar ben as mans, a manter a distancia de seguridade ou a saber que cando o cartel do servizo está en vermello, teño que agardar.

Pouco a pouco iremos aprendendo a acostumarnos a “nova normalidade” e estou segura de que o faredes mellor que ninguén.

Moito ánimo para este novo e atípico curso escolar e non esquezades que sen choiva, non existirían as flores.

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e Equipo de Dinamización da Lingua Galega do C.E.I.P. Emilia Pardo Bazán.

10 DE SETEMBRO

ESTAMOS DE VOLTA!

Os comezos sempre están cheos de nervios e incerteza, sen embargo o inicio de este curso escolar vai a ser quizás un dos mais especiais das nosas vidas. Por un lado, levamos moito tempo sen vernos; e por outro, temos que afrontar unha nova situación no centro educativo. Moi diferente do que vivimos ata o de agora.

Durante o confinamento moita xente deuse conta da importancia que teñen materias como Educación Física, Educación Plástica ou Música. Estas son imprescindibles na nosa vida cotiá debido a que son medios de comunicación moi anteriores á linguaxe escrita, desenvolven as intelixencias múltiples e a creatividade, e tamén resultan fundamentais para manter unha adecuada saúde física e mental. Ademais de todo isto, salváronnos de moitos momentos de aburrimiento durante o tempo que tivemos que estar no noso fogar sen poder saír á rúa.

Sabíamos que este día tan sinalado íanse xuntar unha mestura de sentimentos encontrados, polo que decidimos romper o xeo facendo unha actividade sinxela, lúdica e relacionada cas artes plásticas.

Os alumnos e alumnas de 1º B pintamos e recortamos estas pulseiras tan bonitas ao noso gusto, ademais de poder escoller a mensaxe que mais nos representaba.

Mentres facíamos esta actividade, fomos contando como pasamos o confinamento na casa, o que facíamos para non aburrirnos, como nos sentimos, que pensamos o día que podemos saír á rúa ou como foi o primeiro reencontro cos nosos amigos/as e resto da familia.

Dende logo que esta actividade axudounos a relaxarnos e a expresar os nosos sentimentos.



Para rematar, cada un puxemos as nosas pulseiras. Así que, se ao longo da mañá sentiámonos un pouco nerviosos, só tiñamos que mirar a mensaxe que tiña a nosa obra de arte, a cal nos recordaba que todo vai saír ben.



PDI Paseando con Emilia

"Non hai homes nin mulleres: hai humanidade"



Esta foi a frase de Emilia Pardo Bazán escollida polo equipo de EACE para resaltar, na entrada do noso centro, o 25N, Día contra a violencia de xénero. Neste día, que foi proclamado pola ONU desde o ano 2000, trátase de denunciar a violencia que sufren as mulleres en todo o mundo.

¿Sabías que foi Emilia Pardo Bazán quen creou a palabra "mullericidio" en 1901?

Nun artigo de *La Ilustración Artística*, publicado en 1901, a autora coruñesa escribe: *"El mujericidio siempre debería reprobarse más que el homicidio. (...)El abuso de poder, ¿no es circunstancia agravante? Cuando matan a mansalva, a la mujer, ¿no debería exigírseles más estrecha cuenta? Y sin embargo, los anales de la criminalidad abundan los mujericidios, impunes muchas veces, por razones especiosas, mejor dicho, por sofismas que sirven para alentar el crimen"* (Prólogo de "El encaje roto").

Este ano o lema escollido pola ONU é *"Pinta o mundo de laranxa:ifinanciar, responder, prevenir, recompilar!"*. O equipo de biblioteca quíxose sumar ás iniciativas acompañando á exposición permanente de fondos relacionados co PDI Paseando con Emilia, cunha recompilación de libros que fomentan a igualdade e a visibilización do labor das mulleres. Resaltamos entre todos *"El encaje roto. Antoloxía de contos de violencia contra as mulleres"*, escolla de contos de Emilia Pardo Bazán realizada por Cristina Patiño Eirín.



CARREIRA ENKI

O curso pasado un grupo moi numeroso de familias participamos na carreira ENKI formando un equipo chamado: “Os piratas do Emilia”.

Ademais de pasar unha xornada moi especial e única, grazas a este tipo de eventos podemos entender un pouco mellor o que significa a palabra inclusión, e por suposto a divertirnos cos nosos pequenos e pequenas.



Este ano tan especial a carreira foi virtual, pero a gran familia do Emilia non quería deixar de comprometerse con esta iniciativa; polo que volvemos a participar como centro educativo, co mesmo nome e coa mesma ilusión.

Un día a nosa mestra de 1º C explicounos que era a **atención a diversidade** e a **inclusión**, e tamén nos contou que existen diferentes asociacións que axudan as persoas para que teñan mellores posibilidades de desenvolvemento persoal e educativo. Unha das asociacións das que nos falou foi a fundación Abrente que leva a cabo a carreira Enki.

Como este ano non podíamos asistir de forma presencial, a mestra explicounos que podíamos inscribirmos de xeito voluntario dende casa, baixo o nome do

equipo: “Os piratas do Emilia”. Ademais, díxonos que cada día da semana da carreira íase lanzar un reto distinto na páxina web do cole para que nós o intentáramos facer.



Para ter unha proba de que superabamos o reto, tivemos que facer unha foto ou vídeo e mandalo ao cole.

O día 3 de decembro, coincidindo que é o día internacional das persoas con discapacidade, estivemos vendo as fotos e os vídeos que mandamos, e tamén falando sobre os obstáculos aos que se enfrontan día a día tódalas persoas con diversidade funcional.



Lembras os vídeos dos retos que nos mandaron os nosos mestres?
Fai click na imaxe para velos de novo.

O NON MAGOSTO

Despois dun verán distinto por culpa do “coronavirus”, comezou o curso e chegou o outono. Como ocorre cada ano, co outono chegaron os refachos de vento, comezaron a caer as follas, chegaron as castañas, chegou novembro, nas clases fixemos traballos para darlle a benvinda ao magosto.., pero o magosto non se presentou.

Este ano 2.020, que trataremos de esquecer por moitas razóns; o ano das non festas, das non reunións presenciais, das non..., das non..., roubounos o magosto e, con el, unha tradición da que no Emilia Pardo Bazán disfrutábamnos e maiores.



Ademais da degustación das castañas, o mancharse a cara de cinza, os xogos, a liberdade de correr polo patio..., facían desta celebración unha das preferidas dos nenos. Pero este ano non puido ser; o magosto?... Quedamos apuntados para o ano! E ese ano 2.021 estaremos vixiantes e... o magosto non pasará sen que o disfrutemos!

Temos novo logo!

Xa temos logo!!!!

Despois de moito traballo para decidir, o xurado formado por unha mestra de E. Infantil, un mestre de E. Primaria, unha mami representante da ANPA, un papi representante do Consello Escolar, un papi representando a todos os papis e mamis do cole e a Directora, por fin temos un logo.

Recolle o que dúas irmáns, Ana e Lucía de 3º B, ven e que representa ao noso cole. Vemos a Torre de Hércules, A Coruña, onde vivimos e está o cole, tamén o noso barrio "Los Rosales", coa súa rosa e a Praza Elíptica e a pluma que ben pode representar ao cole e a Dna Emilia Pardo Bazán escribindo e asinando as súas obras. Agora cando o vexamos, sempre recordaremos ao noso cole e o tempo que pasamos nel.

Recoñecemos o excelente traballo que fixeron todos e todas os que participaron, parabéns polo traballo e en especial a Ana e Lucía. Moitas grazas.



30 de novembro día universal da infancia

O artigo 31.1 da convención sobre os dereitos dos nenos reconece o dereito ao neno ao descanso e esparcemento, ao xogo e as actividades recreativas propias da súa idade e a participar libremente na vida cultural e nas artes.

Esta conmemoración a celebramos cada día practicando este dereito.



30 de novembro dia universal da infancia




fectos

DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Cada 25 de novembro erguemos as nosas voces para condenar a violencia machista. Escolleuse internacionalmente este día na memoria das irmáns Mirabal, coñecidas como “As bolboretas”. Estas tres irmáns dominicanas ofreceron resistencia á dictadura de Leónidas Trujillo, motivo polo que foron asasinadas o 25 de novembro de 1960.

Aproveitamos esta data para reflexionar sobre as condutas intolerables que desembocan en violencia contra as mulleres. Non queremos máis vítimas. Defendemos a igualdade e a tolerancia. Queremos actitudes que amosen respecto e rexeitamos todas aquelas que degradan a muller e non lle permiten vivir coa dignidade que se merece todo ser humano.



QUEREMOS
Protección, palabras de ánimo, agarimo, boa compañia, risos e sorrisos, coidados, liberdade, amizade, apertas, bicos, complicidade,

NON QUEREMOS
Berros, insultos, ameazas, sumisión, abusos, traizón, control, humillacións, ciumes, enganos,

6ºC de EP abordou o tema da violencia de xénero en numerosas ocasións. Tema actual e que segue existindo todos os días en calquera lugar do planeta. O seguinte texto, , da nosa compañeira Sara Ximena Suárez Dávila, escrito nun principio para un proxecto de Lingua Castelá, gustou tanto na nosa clase que queremos compartilo con todos os lectores e lectoras da nosa revista.

Que ninguén apague a miña estrela.

O cazador entra en casa e xa ela, a estrela, non sabe que facer. Se di algo todo vai mal, e se non di nada, tamén. Era como un bucle para ela, o cazador chega e ela pásao mal, el vaise e ela sente mal...Xa estaba cansada, e o peor é que todos pensaban que a estrela era feliz...Ela non quere dicir nada, porque ten medo. Medo de que? Preguntábase. Sen saber porque sentía medo, non se atreve a dicir o que lle pasa.

Busca libros para entreterse e non pensar no malo, atópase cun libro que recolle frases de Emilia Pardo Bazán. Comeza a ler e a ler...Sentía tan identificada con cada frase, non podía parar de ler, ata que se atopa unha que a deixa pensando, non lle atopa sentido e quere entendela, dicía así :

“¡Ay del género humano si la historia se redujese a la opresión del débil por el fuerte, al triunfo de la violencia!”

Ela non entende o significado, pero lémbrale a un conto da súa infancia...”O neno estrela”. Tenta buscarlle sentido, tampouco era tan difícil, pero a súa mente estaba pechada, ao saber o significado e acordarse daquel conto, rompe en pranto, xa non aguanta máis...Pasa chorando un intre e despois de todo toma forzas, pensaba que nunca ía telas para ir pedir axuda a alguén...Non é capaz de saír de casa, xa ter o valor de falar é suficiente. Fixo unha chamada que cambiou a súa vida, ela non esperaba que ninguén estivese orgullosa dela, válelle sentirse orgullosa de se mesma...Aínda que moitas persoas están orgullosas dela e é o exemplo para aquelas que aínda non se atreveron.

Sara X. Suárez Dávila

6ºC de EP

ENGLISH WITH DISTANCE

Este foi un curso moi inusual, cheo de restricións sanitarias que nos obrigaron a limitar as nosas actividades. Con todo, intentamos reinventarnos para poder reforzar e desfrutar da nosa aprendizaxe da lingua inglesa. Botade un ollo e vere-des...

1.- Comezamos o curso con moito medo e decidimos agardar ata o mes de outubro para a primeira celebración especial: **Halloween**, pero claro, dentro da aula e gardando as distancias. Con todo, puídemos facer algúns xogos horripilantes...



2.- En novembro, algo máis afeitos á situación, puídemos contar coa visita de **Tareen Rudolph**, un norteamericano que nos explicou cales son as celebracións outonais máis populares no seu país, especialmente os costumes ao redor de **Thanksgiving Day**. Así, afixemos o oído ao acento americano e mesmo puídemos degustar un delicioso pumpkin cake. Yummy!



3.- Decembro apareceu cargado de sorpresas: colaboramos coa ONG **"Save the Children"** levando os nosos orixinais xerxes de nadal para celebrar o **"Christmas Jumper Day"** e axudar así aos máis necesitados. E non podía faltar o noso tradicional **Secret Santa**, cunha chea de agasallos sorpresa. E todo isto sen movernos das nosas mesas e cadeiras!!!

4.- Xaneiro é o mes da Paz, que este ano dedicamos ao movemento **hippy**. Non o ídes crer, pero a nosa aula encheuse de hippies chegados dos Estados Unidos, que inundaron todo de flores e cancións! Aínda que houbo quen tivo que conformarse con participar desde a casa...



5.- No mes de febreiro vestímonos de gala para ir ao teatro sen movernos da nosa aula. Como? Pois grazas ás novas tecnoloxías, claro! A compañía Face2Face e a nosa ANPA fixeron posible esta maxia e divertímonos moito coas obras "The frog Prince" e "Treasure Island". E mesmo puidemos desfrutalas coas nosas familias na casa e xogar a actividades interactivas!

6.- Paseniñamente foron pasando os días sen demasiados sobressaltos e, coa chegada da Pascua, atrevémonos a saír ao labirinto vexetal do cole a buscar os ovos agachados polo Easter Bunny. Aproveitamos a saída para aprender costumes relacionados coa primavera, como o das daisies, o dos dandelions e o dos buttercups. E tamén atopamos un trevo de catro follas. Menuda sorte!



7.- No mes de maio paseamos con **Emilia Pardo Bazán** e, desde a aula de inglés, puxemos o noso gran de area investigando as conexións que tivo co mundo anglosaxón. Sabedes que aprendeu inglés para poder ler a Shakespeare e a Conan Doyle? E que fixo amizade con Gabrielle Cunnigame, membro da Liga das Mulleres e das Sufragettes? Consérvanse 21 cartas que o proban e dona Emilia mesmo chegou a ser membro de honra desa Liga. Menuda era ela!!! Tamén escribiu un conto baseado na lenda do fantasma de lady Hester Stanhope, que todos os anos visita a tumba de sir John Moore. Ao final recolleemos todas as nosas pescudadas en tres Padlets que podedes visualizar na seguinte ligazón: <https://biblioteca-epb.wixsite.com/paseandoconemilia/english>.



8.- Finalmente, ao longo co curso colaboramos coa **Radio Escolar** cun programa totalmente en inglés titulado "4 in a year", que contou con 4 edicións, cada unha dedicada a unha estación do ano. Nelas podedes escoitar entrevistas, consellos, visitas, e moitas cousas máis. Só tedes que premer no seguinte enderezo para escoitar anacos das mesmas nos programas de **Emilia na onda**: https://www.ivoox.com/perfil-emilia-na-onda-biblioteca-ep_aj_17750222_1.html



E por este curso, máis nada. Para estar tan limitados pola pandemia, non estivo mal, non vos parece? O ano que vén... máis!

PLAN PROXECTA: E-TWINNING. "DE CORUÑA/RUMANÍA PARA O MUNDO".

Outro ano máis, dende Infantil, voltamos embarcarnos nun proxecto, pero esta vez sobre Patrimonio Cultural Europeo.

Con este proxecto preténdese aprender doutras culturas, coñecer a realidade educativa doutros países e poñer en contacto a mestres e alumnado de diferentes lugares do mundo.

Ante a proposta do noso proxecto, unhas mestras dunha escola de Bistrita (Rumanía) interesáronse pola nosa idea, así que convertémonos en socias e comezamos a traballar xuntas para levar a cabo unha aprendizaxe común e colaborativo co alumnado dos dous centros. O proxecto busca aprender sobre o patrimonio cultural de ambas cidades, e pouco a pouco foise concretando para centrarnos nun monumento histórico.

Unha mostra das actividades que fixemos, son as seguintes:

"Connecting people" que foi a presentación do alumnado a través de conexións en directo mediante videoconferencia, utilizando diferentes linguas (galego, inglés, castelán, rumano...) de xeito escrito e oral.



Feitas as presentacións entre o alumnado, presentamos as cidades de forma xeral, polo que foi preciso recompilar información de libros da biblioteca do cole, do barrio ou de libros que tiñamos na casa. Voltamos conectarnos para amosarlles o que sabemos da nosa cidade, e eles amosáronnos a súa cidade, Bistrita. Unha vez que soubemos un pouco mais sobre o patrimonio cultural de ambas cidades, escollemos un monumento histórico máis representativo de cada cidade. Nós escollemos a Torre de Hércules, e elas a Igrexa Evanxélica máis importante de Bistrita.



A partir destes dous monumentos, comezamos a traballar a actividade colaborativa final: un xigante crebacabezas. Preparamos un crebacabezas da Torre, que facemos a medias coa outra escola. Mandámonos escaneado a parte que fai cada escola, para ter o crebacabezas en cada escola.

Velaquí como o estamos a preparar.



Tamén facemos a medias, medio crebacabezas da súa igrexa. Ao final, ambos centros teremos os quebracabezas dos dous monumentos feitos conxuntamente entre todos, que poremos na parede da escola cando esté rematado.

Pódese consultar toda a información, no enlace que aparece na web do cole ou directamente facendo click na seguinte imaxe:



HORTO ESCOLAR

Outro ano máis o centro, a través do horto escolar, participa na 24a edición do programa Voz Natura co proxecto Aromas do Camiño , ademais de contar coa colaboración da ONG Axuda en Acción.

A situación que vivimos fíxonos máis conscientes da importancia que ten o coidado e o respecto pola biodiversidade que nos rodea. Motivo polo que tentamos achegala aos nosos nenos e nenas, convertendo o noso patio nun obserbatorio da natureza. Colocando nel elementos como comederos e niños de paxaros, hoteis de insectos,...



Tentamos fomentar valores como o consumo responsable e de cercanía, a importancia da agricultura ecolóxica, respecto e gozo polos ciclos da natureza, xa que cada un de nós somos a solución para mellorar o noso entorno.





O NADAL NO EPB

O nadal no Emilia Pardo Bazan foi xerial: fixemos unha videoconferencia con todo colexio e cantamos unha panscolíña. Tamén nos deixaron disfrazarnos: algúns ían de Papá Noel, outros de reno, de boneco de neve...

As portas de todas as clases estaban adornadas con decoración navideña.

¡Foron unhas navidades fantásticas!



3^aB

O NADAL

No nadal fomos disfrazados (os que quixemos) de calquera cousa.

Poidimos traer comida do nadal (non era obrigatorio)

Na clase de plástica fixemos un agasalho que tira un Papá Noel dentro cunha felicitación do nadal.

Tamén fixemos un aixel máis pequeno que o da porta.

Na hora da lectura empezamos a ver unha película chamada "Santa Claus" por un nadal sin frío. (Encastelán), pero non puidemos acabala porque a nosa mestra tiña que utilizar o ordenador para conectarnos a unha videochamada para cantar a canción titulada: "Dónde están estos Magos?!"

Dez persoas da clase foron a Bibliolab para facer unhas tarxetas de nadal con luces. Regaláronos unha tarxeta de felicitación. Pasámonlo moi ben!






3ºB

Día Escolar da non violencia e da Paz, 30 de Xaneiro do 2021


Na isiclase fomos "Paseando con Emilia Pardo Bazán" e nese paseo nos atopamos coa primeira guerra mundial no ano 1914 e a importancia de vivir en paz.




Sabemos que a guerra e a violencia é todo o contrario á PAZ



Coñecemos ao **Barón Rojo** piloto de cazas nesta guerra e considerado coma un heroe da aviación e no entroido tivemos ao auténtico Barón Rojo na isiclase!!!!



Aprendimos palabras de vocabulario relacionadas coa guerra como *GRANADA*, que ten varios significados
BOMBA- FROITA-
CIDADE



Tamén aprendimos a orixe do símbolo da pomba da paz que ven da historia bíblica de Noé e fixemos pombas ao noso gusto.




Liña de tempo

Emilia Pardo Bazán viviu 70 anos, desde o ano 1851 ata a súa morte en 1921, nos que presenciou e foi testemuña de innumerables acontecementos que tiveron gran transcendencia na historia de Galicia, España e o mundo. Por este motivo, consideramos que debiamos facer un paseo pola Historia nestes anos, formando parte da investigación do proxecto e deixando unhas pingas de información sobre estas páxinas da historia.

Comezamos con esta proposta coincidindo co Día da Paz, no que convidabamos aos cursos a que procurasen información sobre a terrible Gran Guerra, que aconteceu entre os anos 1914 e 1918. Os nenos/as de 1ºA de E.P. recolleron a testemuña e elaboraron unha serie de vídeos nos que nos explican algúns datos da I Guerra Mundial, pero tamén con información, que foron apañando a través do concurso no que están a participar de forma moi activa, sobre o nacemento, morte e infancia de Emilia Pardo Bazán.



Facendo click na seguinte imaxe podeses acudir a sección da liña de tempo virtual na que está o traballo desenvolvido polo alumnado, pero no corredor de entrada do propio centro temos a liña do tempo accesible a todo o profesorado e alumnado, enriquecida cos vídeos a través de realidade aumentada.



É tempo de Entroido

Chegou a data esperada por moitos nenos e nenas, e aínda que este curso tivemos que deixar a un lado moitas das actividades que realizaríamos nun curso habitual; non podíamos deixar de festexar esta festa que vai tan da man da troula e ledicia.

Desde o colexio propuxemos o xogo dos “Mandadiños”, no que cada Dna Emilia localizada tanto no edificio de Educación Infantil como no de Primaria iría dicindo cada día da semana o que tiñamos que traer. Desta forma cada día iríamos acumulando unha prenda ou accesorio mais e o último día teríamos o disfraz completo.

Velaquí tedes tódolos mandadiños de Dna Emilia e que nos cumprimos con moito gusto!



DÍA DE ROSALÍA: 24 de febreiro

Rosalía de Castro naceu en Santiago de Compostela o día 24 de febreiro de 1837. Por iso, cada ano, lembramos con delicia a esta escritora que tivo un papel importantísimo nas nosas letras. Rosalía non só foi poeta, senón que tamén representou a máxima figura do Rexurdimento da nosa lingua, xunto con Eduardo Pondal, Curros Enríquez e Valentín Lamas Carvajal. Foi precisamente a publicación de Cantares Gallegos no ano 1863 o feito que marcou un antes e un despois na historia do noso idioma, tantos séculos vivindo na “escuridade”, oprimida e prohibida.

Rosalía foi pioneira, foi unha alma emotiva, foi nostalxia e emoción. Rosalía é a nosa voz, defensora da Galicia máis esquecida, dos emigrantes, dos labregos, das mulleres. Rosalía situou ao galego no sitio que lle correspondía. Deunos o don da palabra.


Rosalía é o noso símbolo, esa muller creadora, sensible, orgullosa do seu, que alzou a súa voz para denunciar a inxustiza. Que bo que cada ano teñamos a maravillosa oportunidade de seguir léndoa, que privilexio poder agasallar entre nós versos e rosas!! Xa sabes... ROSALÍATE cada 24 de febreiro, gozando coa súa lírica!!!

Aprende algunha das súas composicións ás que grandes músicos lles puxeron melodía. Busca na constelación de Ofiúco a estrela que leva o seu nome!!!

Rematamos este día lendo os versos que Xela Arias lle dedicou a Rosalía.

“A de quen comprende”

A de quen comprende non é
palabra feliz.
A de quen transmite é
terminoloxía útil.
Se na vida cotiá o balazo
non rebenta en estourido a estupidez, pouco
importa intelixencia ou sentimento.
Inmaculábante. Eras necesaria. Inmaculante.
Es o principio da camiñada.
Mira como así rabenan,
rematan esgotado o teu dereito a rebentar.
Nada novo, inmaculada Rosalía.
Tal sempre mulleres confinadas na
construción doutros,
comprendes: revólveseche a arma contra ti.
A de quen comprende non é palabra de feliz.



8 de Marzo

Hai mulleres importantes que se amosan polas rúas, na televisión, nos xornais...

Son escritoras, investigadoras, científicas... Pero tamén hai outras que son importantes para nós porque están ahí todos os días, sempre que as necesitamos, son as nosas mamis, as nosas avoas, as nosas madriñas... e a nosa homenaxe vai para elas.

CARMINA
ANA VIKI
IMMA BEA MAR
ANAFATIA
CRISTINA
IVONNE
PILAR
ANA SANDRA
MONICA
SANDRA
IRIA



Paseando con Emilia Feminista

O 8 de marzo celebrouse o Día da muller e desde a Biblioteca programamos durante esa semana unha serie de propostas que promovan o papel da muller.

Como ben sabedes xa, Emilia foi unha escritora que reclamou a maior importancia da muller na sociedade do s.XIX e de principios do s.XX, xunto con outras mulleres contemporáneas.

Algunhas delas están no rueiro da Coruña e doutras cidades, por este motivo propuxemos esta actividade na que tiñades que percorrer as rúas da cidade para atopar esas que teñen nomes de muller, investigar quen foron e o motivo da súa relevancia. Despois de visitar a rúa podíades tirar unha foto nela, de xeito que saíra a placa co nome e compartila con nós.

Para facer esta actividade mais sinxela para vós, desde a Biblioteca deseñouse unha plantilla a que podedes acceder facendo click na seguinte imaxe:



EMILIA FEMINISTA
8 de Marzo **DÍA DA MULLER**

- 1** Procura no rueiro nomes de muller.
- 2** Investiga quen foi esa muller.
- 3** Recolle os datos máis importantes.
- 4** Escribe a biografía e fai un debuxo desa muller.
- 5** Tira unha foto na rúa da muller escollida.
- 6** Dalla a algunha mestra/e do equipo de biblioteca.

Equipo de Biblioteca.

Leonardo da Vinci

É a noite de entrada libre para gatos no museo, e, dende todas partes da cidade acuden os gatos. Pero, onde se atopan eles retratados? Hai cantidade de cadros con cans, paxaros, tigres e incluso con peixes. Pero...non é nada doado ver pintado un gato! Felicia é unha gata que se fai cargo do problema. De volta ao seu estudo, pínxel na garra, decide pintar gatos onde ela cree que deberían estar. Felicia visita moitos museos e queda impactada con unha dama "A Mona Lisa".

Nos tamén quedamos abraiados e comezamos a investigar quen era esta dama. Aprendemos que está no museo do Louvre en París, que é o retrato dunha señora chamada Lisa, e que a palabra mona é a abreviatura de Madonna, a miña dona. Tamén é coñecida pola Gioconda, porque o seu home, que o parecer encargou o retrato, chamábase Francisco de Giocondo. A quen llo encargou? Pois, a Leonardo da Vinci.

A Mona Lisa retratada por nos:



Sabes que foi moi coñecida tamén pola técnica empregada? O sfumato (esfumado).

A partir do seu rosto e mans creamos a nosa própia Gioconda:



Felicia, a nosa amiga (lectura recomendada).




A nosa Felicia:



Quen era Leonardo da Vinci?

Leonardo Da Vinci naceu en Vinci, en 1452. Por iso chámase Leonardo - "de" - Vinci.



Un reto-facer o seu retrato

Foi pintor, escultor, enxeñeiro, inventor, arquitecto, urbanista, botánico, músico, anatomista, cocineiro, filósofo, humanista, naturalista, caricaturista...

Nos tamén nos convertimos en enxeñeiros:

A ponte deseñada por Da Vinci foi 10 veces máis larga que as pontes da época e construíanse usando unha serie de arcos semicirculares. Da Vinci deseñou unha ponte cunha forma totalmente diferente de arco aplanado único:



Outros inventos:

Catapulta



Ballesta



Paracaídas



Omilóptero



Máquina voladora



E tamén en vitrúvius (estudo das proporcións do corpo humano):



Aprendemos moitas cousas de Leonardo e concluímos que foi un home polifacético e adiantado a súa época. (5ºB)

TALLER DE RADIO 5°C

Este ano tan atípico tivemos a oportunidade de vivir unha experiencia marabillosa, participando nun taller de radio. A actividade levouse a cabo durante dez sesións, distribuídas nunha hora semanal. Da man de Dani e Sergio, os monitores que nos acompañaron nesta aventura, aprendemos moitas cousas: elaborar entrevistas e reportaxes ben estruturadas, aspectos técnicos relacionados coas gravadoras, o uso dos micrófonos e a mesa de son. Tamén fixemos exercicios de respiración e relaxación para poder enfrontarnos con máis seguridade e calma á situación.

Puxemos todo isto en práctica entrevistando a diferentes persoas que nos resultaron de gran interese. Kelly Conde contounos moitísimas cousas interesantes. Ela, como bióloga molecular, adica parte da súa investigación ao cancro de colon. Tamén nos falou dun estudo que se está levando a cabo na EDAR de Bens, analizando as augas residuais para detectar a presenza da Covid-19. Foi moi cercana, amena e didáctica.

Outro dos nosos entrevistados foi Tony Platas, pai do noso compañeiro Eloi, que superou unha leucemia. Tony falounos de ASOTRAME, a asociación de trasplantados de medula, e da importancia que tivo nas súas vidas durante este proceso tan duro. Quedounos claro que é necesaria a doazón e que este tipo de asociacións son fundamentais na nosa sociedade.

Tamén tivemos a oportunidade de entrevistar a Aida Tarrío, cantante das Tanxugueiras. Aida encheu a nosa bibliolab de melodías e de cantigas e ademais de falarnos do seu grupo e dos seus proxectos, tamén nos agasallou cunha bonita canción interpretada a pleno pulmón. Foi moi, moi bonita.

Posto que o galego está excluído dalgúñas redes sociais como o Tik Tok, quixemos que alguén como Malva, unha “tiktokker” galega, nos contase algo desta situación. Para iso, preparamos unha reportaxe, na que ela interviña en diferido, xa que non podía asistir presencialmente.

A entrevista a Jaime Crespo, un azafato de voo con moita experiencia, pechou este ciclo tan interesante. Falounos de moitas das súas viaxes e de como ao principio da súa carreira, sentíase un pouco incómodo por tratarse dun home facendo un traballo tradicionalmente feminino. Afortunadamente, iso cambio moito e agora é cada vez máis frecuente atopar homes desenvolvendo este labor, o cal nos parece o máis normal.

Esperemos que nos vindeiros cursos podamos seguir participando e levando os nosos coñecementos a “Emilia na onda”. Divertímonos e aprendemos moito.

E lembrede, todos os nosos traballos están ben gardadiños no blog da biblioteca. Se aínda non os escoitastes, non sei a que estades esperando!!!




Alumnos e alumnas de 5°C

UNHA VISITA ESPECIAL

4º C

O día 27 de abril tivemos na nosa aula unha visita especial.

Xa que este ano non puidemos facer excursións a espazos naturais, veu a aula unha exposición de seres vivos dun ecosistema de charca.



En varios recipientes puidemos observar vertebrados (tritóns), invertebrados (larva de libélula) e plantas acuáticas.

Vimos varias especies de tritóns: común ou ibérico, palmado e o tritón verde, que é como unha píntega, pero en verde.

Puidemos ver as diferencias entre macho e femia de cada unha das especies, as distintas fases da súa evolución, os ovos, e como estes están

suxeitos nas follas das plantas acuáticas. Vimos os cágados en distintas fases evolutivas (é impresionante ver as súas branqueas externas nestas fases) e cando xa están coa metamorfose completada, pero que aínda son alevíns.

Moi chamativa era a cría de tritón verde coa súa liña dorsal dunha intensa cor laranxa.



Foi moi emocionante podelos coller na man e comprobar a súa pel núa. Para isto, tivemos moito coidado, sempre poñendo as palmas da man cara enriba e deixando que o tritón se movese libremente sobre elas. Isto nos fixo ver o vulnerables que poden ser e polo que son animais que merece a pena conservar (son especies protexidas).

Da larva da libélula (invertebrado) contáronnos da súa voracidade e capacidade para cazar todo o que se lle aproxima na charca.



Chamounos moito a atención unha “muda” que deixara uns días antes. As libélulas viven case toda a súa vida na auga en fase larvaria e, segundo van medrando, van mudando de pel. Nese momento son especialmente vulnerables.



Por último, nun recipiente puidemos ver as plantas acuáticas con todos os elementos abióticos da charca: solo, auga, aire. As plantas acuáticas son moi importantes para dotar de oxíxeno á charca, fixar nutrientes e manter limpa a auga da charca.

Tamén son moi útiles para os seres vivos da charca, para acubillarse nelas ou, como no caso dos tritóns, para fixar os seus ovos nelas.

Nos ovos, como son transparentes, puidemos ver perfectamente os embrións de tritóns antes de nacer.

Neste recipiente tamén observamos a lentella de auga e as súas raíces suspendidas na auga.

En resume, foi unha gran clase de naturais e unha gran lección ter a natureza dentro da aula, coas emocións que nos transmite, e poñer en valor a necesidade de respectala e protexela.

A exposición estivo 2 días na planta baixa do Centro, e por alí pasaron todas os nenos e nenas cos seus profesores para poder disfrutar dela.

“O VALOR DA PALABRA”

Cada un de nós, temos a ferramenta máis valiosa coa que contamos “o valor da palabra”; palabra para dar visibilidade a cada unha das persoas que foron silenciadas por construír un mundo máis xusto, inclusivo, equitativo e intercultural.

Esa incansable loita por acadar a tan ansiada paz ten nome e apelidos; nome e apelidos de todos aqueles que defenderon que un mundo mellor era posible e non unha utopía.

Por iso é de xustiza, recoñecer o compromiso e a implicación de diferentes referentes nacionais e internacionais a favor dos colectivos máis desfavorecidos.

Nesta liña, os nenos e nenas da clase de 4º B, alzan a voz pola defensa dos dereitos e a importancia do diálogo para desarmar as inxustizas sociais.

Temos claro que aínda hai moito por facer e, por avanzar pola dignidade de millóns de persoas en situacións de desamparo.

Sen embargo, cremos firmemente que estamos no camiño correcto para acadar esta meta porque: “Os nenos e as nenas, non son só o futuro, son o presente máis vivo”.

Aquí vai unha pequena mostra do noso traballo baseado na “Declaración Internacional dos Dereitos Humanos”, do 10 de decembro de 1948.

Agardamos que vós guste!



Mural "Dia Internacional dos Direitos Humanos" (10 de novembro de 1948)



Mural pola Paz 2021



"La verdadera EDUCACIÓN consiste en sacar a la luz lo mejor de una persona"
Ghandi

"Un NIÑO, un PROFESOR, un LIBRO y una PLUMA pueden cambiar al MUNDO. La EDUCACIÓN es la única SOLUCIÓN".

Malala
(Premio Nobel de la Paz 2014)



"Lideres pola Paz"

"Nunca debes tener MIEDO de lo que estás haciendo cuando es lo correcto".

Rosa Parks



"La EDUCACIÓN es el arma más poderosa para cambiar el mundo".

Mandela (Premio Nobel de la Paz de 1993)

CARTA DE EMILIA PARDO BAZÁN Á RAPAZADA DE SEGUNDO

Mis admirados y queridos mil veces infantiles de segundo:



Cumplo un deber de agradecimiento manifestándome en esta carta escrita desde Marineda. En esta mi ciudad soñada nunca habría podido imaginarme un homenaje tan henchido de virtudes como el que me habéis dispensado con el Lapbook dedicado a mi vida y obra. No todos los días amanecen en mi vida con estas gracias que han causado en mi una inolvidable emoción.

Como todos sabéis tengo la fortuna de haber aprendido varios idiomas, entre ellos el Inglés, pero que me gustaría encontrar en el Español la palabra que mejor defina nuestro trabajo. Así que, en vez de Lapbook, propongo que se denomine “libro interactivo” o “libro de varias capas”.

Deseo que continuéis realizando estas investigaciones tan fructíferas. Lo aguardo todo de esa inteligencia vuestra y de ese corazón abierto a lo justo y lo grande por ley de naturaleza.

Por siempre amiga y admiradora..

La condesa de Pardo Bazán.



O abano de Emilia

Emilia foi muller, nai, amiga, erudita, mestra, escritora, pioneira, soñadora, festeira, vivaz... e moitos máis palabras que a definiron durante a súa vida e que farán dela unha personaxe que perdurará na historia da literatura e no movemento feminista.

O abano de Emilia foi unha actividade que desenvolvimos para conmemorar o centenario da súa morte e que consistiu na elección dunha palabra que a definise e a representación gráfica desta elección. Cada aula escolleu e trasladou a unha cartolina, con diversas técnicas, tanto a palabra como os debuxos.



O proceso que se seguiu a continuación foi o de compoñer todas as achegas das aulas ata completar o abano, unindo todas as partes que compoñen a personalidade e a traxectoria de Emilia Pardo Bazán.

Por último, había que buscarlle un lugar destacado para a obra común de todo o centro e que fose visible para a toda a comunidade educativa. Debido á pandemia desexabamos colocar a obra de xeito que se puidese ver desde fóra do colexio e que todos vísedes o traballo dos nenos/as, pero, para manter a integridade do abano, decidimos colocalo no corredor de entrada e que todo o alumnado poida acceder a el.

Este foi o resultado:



Equipo de Biblioteca.

EMILIA NA ONDA

Os alumnos e alumnas de 6ºC tivemos a grandísima sorte de poder participar, en numerosas ocasións, na radio do noso colexio. Principalmente participamos facendo entrevistas a personalidades galegas relevantes de diferentes eidos, e desde a nosa revista gustaríanos agradecerlles a todos eles e todas elas facer un oco nas súas axendas para estar connosco. Os nosos entrevistados foron moi diferentes, pero todos iguais: moi agradables. Queremos darlles as grazas, xa que a pesar de ser un ano complicado pola pandemia, fixeron todo o posible para vir, e nós puidemos aprender moitas cousas interesantes sobre política, o mundo do cinema, a ilustración, a cociña, a robótica, do noso barrio...

Grazas a **Inés Rey**, a nosa alcaldesa de A Coruña. Moitas grazas por vir e responder as nosas preguntas, foi un pracer que visitases o noso colexio!

Grazas a **Isabel Naveira**, actriz galega coñecida por actuar en “Vis a Vis” e “ Néboa”, e ademais é nai dun neno do noso cole!

Grazas a **Xulia Pisón**, ilustradora á que coñecemos na nosa clase polos seus cómics Microalgas, fantástico proxecto da universidade da Coruña para divulgar a ciencia divertindo.

Grazas a **Luis Veira**, cociñeiro cunha estrela Michelin, dono do restaurante Árbore dá Veira situado no Monte de San Pedro, quen ademais estivo na nosa clase respondendo as nosas preguntas. A moitas preguntas!

Grazas a **Paola Guimerans**, educadora no ámbito de e-téxtiles. Con Paola falamos de tecnoloxía, de arte e do mundo maker. Foi guay coñecerte.

Grazas a **Luisa**, tesoureira da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva dos Rosais. Grazas por darnos parte do teu tempo!

Grazas a **Xulia Santiso**, conservadora da Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán e especialista na obra da escritora. Coñecemos mais de dona Emilia a través de ti.

Nós, o próximo curso, xa non estaremos no cole. Imos ao instituto, así que tamén queremos darlle as grazas a todos os oíntes de Emilia na Onda.


Ata outra!

Clase de 6ºC de EP

A fotobiblioteca de Emilia Pardo Bazán

A "Fotobiblioteca de Emilia" foi unha iniciativa que xurdiu con motivo do Día do Libro no que se recolleron as imaxes de membros da comunidade educativa que quixeron formar parte desta recompilación de libros que apaixonan no noso colexio e que xa forman parte da Fotobiblioteca. Ademais de tratar de localizarvos no retrato de Emilia Pardo Bazán de Joaquín Vaamonde podedes atopar os gustos dos vosos compañeiros/as, algúns dos libros que vos gustaban cando erades máis pequenos ou mesmo recomendacións para cando sexades un pouco máis grandes. Hai cómics, novelas, contos, poesías, álbums, información... libros para todas idades e para todos os lectores/as. Visitade "A fotobiblioteca de Emilia"...ou..."A videobiblioteca"!

Seleccionade o retrato de Emilia e accederedes a "videobiblioteca".



Equipo de Biblioteca.

VISITA Á SEDE DA RAG

Vouvos contar como foi e como vivín a visita á sede da RAG.

O día 12 de Maio cumpríronse cen anos da morte de Emilia Pardo Bazán, a escritora que estivemos traballando todo este ano.

Como Emilia dalle nome ao noso colexio invitáronnos a ler e falar sobre ela. De 6ºA, a miña clase, fomos Lidia e mais eu; ademais de Sara, Daniel e Rocío, compañeiros nosos doutras clases.

Ás once comezou o acto de conmemoración e fora da sede notábase a nosa tensión e nerviosismo. Ata para tranquilizarnos tivemos que facer respiracións coas pulseiras que levábamos.

Ao entrar dentro da RAG deunos a benvinda Xulia Santiso, directora e restauradora da Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán e sentámonos no salón onde se celebraba o acto. Mentres que os nosos pais e os demais asistentes acomodábanse, nós collíamos os exemplares antigos de onde tíñamos que ler as frases que escolléramos de Emilia. Despois reuníronnos a todos os participantes para unha foto de familia co presidente da RAG Víctor F. Freixanes e a académica Marilar Aleixandre entre outros asistentes. Había cámaras por todos lados que non deixaban de facer fotos.



A continuación empezou o acto inaugurado polo presidente da RAG. Despois do preámbulo, foi o noso turno. Comezou Sara, a representante de 6ºC e logo foi o meu turno.

O meu corazón batía a mil por hora. Comecei presentándome e despois das primeiras frases e de repetir varias veces a palabra “e” xa me sentía máis relaxada. Lin a frase que escollera: “No me gusta vivir esclava de los moños, me arreglo lo posible, todo lo que cabe, sin derrochar un tiempo que debo dedicar a cosas mejores”. Cando rematei o discurso foi o turno de Daniel, logo o de Rocío e para rematar o de Lidia. Escoitamos unhas cantas intervencións máis e marchamos. Non podíamos esperar ata o remate do acto.

Para despedirnos agasalláronnos cunha bolsa con libros e libretas para recordar o paso pola casa museo e a marabillosa experiencia que vivíramos. Ao chegar a clase recibíronnos con aplausos e nese intre dinme conta de que esta experiencia era unha boa maneira de despedirme do colexio que tantas alegrías me dera nestes impresionantes nove anos.

Lucía Suárez Amor 6ºA

COMO CAMBIAMOS

Aquel día pecháronse as portas. Ninguén o puido previr. A xente encerrada nun lugar que para eles era tan coñecido e descubrirían que tamén era, ao mesmo tempo, un completo descoñecido. Un bichiño collía o mando, e todos nós non podíamos facer nada. Entre eles quedabamos os nenos. Precisabamos un raio de luz. E alí chegou o colexio.

O ordenador, o máis fiel compañeiro; as vídeo chamadas, o fío que nos unía. O podíamos conseguir. Podíamos seguir cara diante. E o logramos. Rematou aquel curso e chegou o seguinte. Por fin volvemos a pisar a nunca esquecida escola. Xa-mais sentíramos tal alegría simplemente por vernos uns a outros. Foi o que nos fixo dar conta do que antes non valorabamos: o feito máxico de estar xuntos.

Seguramente se faláramos disto dous anos atrás pareceríame unha tolería, demasiado coti-diá e diario. Pero é que cando nos quitan unha cousa tan prezada logo a añoramos como a nada no universo.

Chegamos á aula. Os pupitres individuais, as ventás abertas de par en par, nós cunha mascarilla que non nos deixaba expresarnos igual. Pero nunca perdemos a esperanza. Os que ningún día deixaron de contaxiarse foron os nosos sorrisos que, por moita mascarilla, eran (e seguen sendo) im-parables.

Parece mentira que levemos xa máis dun ano. Non sabemos canto falta para chegar ao máis parecido que sexa á nosa normalidade, por iso creo que é mellor centrarse nas cosas boas diarias, e non perseguir unha meta aínda translúcida.

Cada mañá hai cousas xeniais no colexio que fan que este sexa o máis parecido ao que lembramos. Para iso contamos co sacrificio de todos os mestres, aos que lles agradezo todo o que fan. Eles non deixan de ser persoas, e moitas veces camuflan ese medo que temos todos ao descoñecido para que nós esteamos mellor.

É verdade que non é igual que antes, pero é o mellor que se pode, e por iso estou feliz de poder aproveitar ao máximo cada experiencia.

O ano que vén algúns de nós xa non estaremos aquí, e por iso ao principio estaba triste de ter que deixar esta escola, na que pasamos a maioría das nosas vidas, desta maneira. Pero doume conta de que cada un de nós sempre será parte dela. Sempre seremos alumnos do Emilia Pardo Bazán. Por iso síntome máis orgullosa que nunca, porque este ano tan difícil o soubemos levar coa alegría imperecedera da xente que temos esperanza e coa fortaleza que a propia Emilia sempre transmi-tiu.



Lidia Ventureira Prenas 6ºA

Evolucionamos o meu Emilia máis eu

Desde que empecei en infantil no colexio azul, con 3 anos, ata agora, 6º de primaria, con 12 anos; o tempo neste colexio pasouseme voando.

Fai nada estaba chegando a un colexio descoñecido para estudar, aprender e facer novos amigos e, agora, xa me vou para o instituto.

Cando entrei no Emilia, aos 3 anos, eu non sabía nin ler nin escribir, pero, tiven unha profesora chamada Chelo que empezou a formarme. Ela, foi a primeira en recibirme e ensinarme as miñas primeiras leccións, coa axuda de Pilar, a miña profesora de ximnasia, Pedro, o meu profesor de música, e Rosa, a miña profesora de inglés. Con eles compartín os meus tres primeiros anos de colexio... E tiven a oportunidade de probar o novo colexio de infantil! Aínda que so fosen uns meses.

Despois cheguei a 1º. Eu estaba moi nervioso, xa que era un colexio máis grande, pero, coa axuda da miña profesora de 1º e 2º, Carmen Mera, sentínme máis seguro. A ela tocoulle unha tarefa difícil, acabar de ensinarnos a ler e a que nos comportáramos coma nenos maiores.

Cando cheguei a 3º e 4º coñecín unha profesora chamada Raquel, que era moi boa. Con ela, aprendín a traballar en equipo cos meus compañeiros e a coidar de animais moito mellor, grazas aos seus gusanos de seda.

Cheguei a 5º con moita alegría para coñecer aos meus novos profesores; estes serían Antonio, Pedro, Rosa, Carlos e Diego. Aínda que esta alegría non duraría moito, xa que dentro de uns meses, chegaría o Covid-19. Que nos obrigou a estar encerrados nas nosas casas durante o resto do curso.

Estiven esperando con impaciencia o día que volvería ao colexio e volvería a ver aos meus amigos e compañeiros. Ese día sería o meu primeiro día en 6º. Xa era case o final de curso e Antonio tivo que irse por motivos persoais e entón, todos lle prometemos que lle recibiríamos cun sorriso cando volvese. Despois duns días veu a nova profesora chamada Laura, unha muller moi simpática e divertida coa que pasaríamos os nosos últimos días neste colexio.

Eu evolucionéi dende que empecei en infantil ata 6º, pero non só eu, se non que tamén o colexio: creouse un club de lectura, tanto en inglés coma en español; houbo unha nova materia chamada robótica; creouse un logo para o colexio; creamos unha radio onde colgaríamos audios á páxina do colexio; creouse a bibliolab...

E, por iso, eu douche as grazas. Grazas Emilia!

ÚLTIMO CICLO ESCOLAR

A mestra pediunos que contásemos como nos fora estes dous últimos anos no colexio. Entrar en 5º foi un cambio moi grande. Volvíanse a mesturar as clases e teríamos outros compañeiros. A min , o cambio gustoume porque así coincidín cun bo amigo de cando ía a infantil. O meu amigo Jorge.

Outro cambio foron os profesores , pasamos a ter dous mestres ; Antonio e Pedro.

Cando comezou o curso eu estaba un pouco preocupado , pero axiña vín que eran mestres cos que podía falar e contarlles as miñas cousas.

Todo ía ben ata que chegou a Pandemia. Confináronnos , e tivemos que rematar o curso na casa.

Foi bastante difícil porque tivemos que traballar moito e non podíamos ver aos nosos compañeiros.

Tamén , por culpa do coronavirus deixamos de facer cousas moi chulas ; como festas e excursións.

E despois dun verán tamén moi raro , comezou 6º de Primaria.

Tiñamos os mesmos compañeiros e os mesmos mestres , pero tivemos que convivir todo o curso có tapabocas , o xel e a distancia de seguridade.

Eu levo fatal o de estar todo o tempo có tapabocas , pero o que menos me gustou foi non poder xogar no recreo ao que me gusta. ¡Parecemos ovelliñas no noso corraliño !

Moitas veces preferiría ficar na clase , sobre todo cando fai moito sol.

Pero non todo foron cousas malas.

Tamén pasei momentos moi agradables grazas a persoas como:

Chus , a conserxe. Sempre de bo humor e cun sorriso.

Marisol , a señora da limpeza. Teño que volver a pedirlle perdón por aquela vez cando ía en terceiro que manchei o patio de tinta.

Manuel o secretario por ser sempre tan amable.

Carlos por non enfadarse moito cando non tiña enerxía para correr.

Diego polas cousas tan interesantes que me ensinou en robótica.

Laura , que aínda que non estivemos moito con ela gustoume moito coñecela e paréceme unha profe moi boa.

Conchi e a toda a súa enerxía .

Antonio e a Pedro , pola paciencia que tiveron comigo . Sei que no fun un alumno moi fácil pero eles sempre intentaron axudarme. Dáme moita pena que Antonio non poida rematar o curso con nos.

E por último a Rosa , a miña profe de inglés . Vouna votar moito de menos. Sempre foi moi boa comigo e animoume moito.

Adeus Emilia, adeus

Adeus, mesas, adeus, cadeiras,
adeus, clases e corredores
adeus recreo da miña vida
non sei cando nos veremos

Meu cole, meu cole
lugar onde me criei
hortiña que quero tanto
plantiñas que plantei

Exames, deberes
traballos e xoguetes
profesores, compañeiros
todos xuntos e contentos

Grazas por estes
días, meses e anos
os levarei sempre comigo
vaia onde vaia.



E xa case rematamos!!!!

Outro curso chega ao seu fin, outro curso que comezou con moito medo, desconfianza e incerteza, un curso difícil para toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias pero que, aos poucos fomos capaces de facerlle fronte, demostrar que somos valentes e chegar ata aquí, ata o final do curso 2020- 21.

Un curso no que o que máis escoitamos foi: distancia, ventilación, hixiene de mans, máscara... pero no que aprendemos a sorrir cos ollos, a imaxinarnos a cara dos que non coñeciamos, a inventarnos xogos cos veciños e ...a ser felices, porque somos capaces de todo, porque somos uns súper heroes e heroínas.

Xa ao remate non nos queda máis que felicitar a todo o alumnado por ser tan responsable e ser quen de cumprir unhas normas tan estritas e tan estrañas e sempre de bo humor, as familias que axudaron a que isto fose así e a todo o profesorado e persoal non docente que sempre estiveron para o que fose e poder vencer unha pequena batalla, aínda que non a guerra. **MOITAS GRAZAS A TODAS E TODOS.**

Fomos quen de facer moitas actividades adaptadas á nova situación: celebracións na aula, por videoconferencia, paseamos con Dna. Emilia, Rosalía, Xela... aínda que botamos moito de menos os festexos do cole, as carreiras, aos nosos amigos maiores... pero que seguro pronto poderemos celebrar.

Despedimos a unha nova promoción que nos deixa para iniciar unha nova aventura “de maiores”, pero estamos seguros de que o Emilia terá un recuncho nos seus corazónciños e lembrarán con agarimo os anos neste centro no que comezaron sendo case bebés e marchan sendo xa unhas mozas e mozos. Desexá-mosvos moita sorte e unha moi boa viaxe a ese novo destino.

E temos que facer unha mención especial ao profesorado que nos deixou ou deixará, case sen darnos conta, sen grandes despedidas nin festexos, aínda que coa esperanza de podelo facer máis adiante, tamén vos desexamos moita sorte e disfrute nesta nova etapa.

Pero tamén necesitamos despedirnos de alguén moi especial, da nosa compi Chus, marchou para ensinar, acompañar e dirixir o seu teatro nun lugar máxico e especial, aínda que sempre ocupará un lugar de honra nos nosos corazóns.

E como diría ela: “A función debe continuar” ...

Así que, aquí estaremos outra vez en setembro, cun novo libro en branco que encher de risas, xogos, cancións... esperando que pouco a pouco vaiamos mellorando a situación, batalla a batalla, pouquiño a pouco.

Pasade un bo verán, descansade, desfrutade moito e...

Vémonos en setembro!!!!

Equipo directivo CEIP Emilia Pardo Bazán

Revista EPB

GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**